



ENTROIDO 2020 TUI
Bases de Participación no Desfile - Concurso de Comparsas & Grupos
Martes 25 de febreiro de 2020 ás 17:00 h



PRIMEIRA. OBXECTO.

O Excmo. Concello de Tui, a través da súa Concellería de Ensino e Cultura convoca o Desfile – Concurso de Comparsas & Grupos, que se realizará dentro das actividades do Entroido 2020 na cidade de Tui, o martes 25 de febreiro, festivo local, ás 17:00 horas.

En caso de suspensión por choiva, terá lugar como única opción o sábado, 29 de febreiro ás 17:00 horas.

Así mesmo, infórmase que os participantes inscritos deben asistir ao Enterro do Bacallau, cun mínimo do 50% do total de membros da comparsa ou grupo, o domingo, 1 de marzo ás 19:30 horas.

SEGUNDA. INSCRICIÓN.

Prazo de presentación e documentación.

A inscrición levarase a cabo nos tres días hábiles posteriores ao día da publicación destas Bases no BOPPO, até ás 14:00 horas do último día, a través da sede electrónica do Concello de Tui (tui.gal→sede electrónica).

Limitase a participación ás 20 primeiras comparsas e aos 5 primeiros grupos inscritos, coa excepción que nunca unha comparsa ou grupo de Tui quedará fóra do concurso.

No intre de formalizar a inscrición (segundo impreso normalizado) é obrigatoria a presentación da seguinte documentación:

1. Copia do NIF da asociación participante.
2. Copia do nomeamento da xunta directiva do libro de actas da asociación.
3. Copia do DNI do presidente da asociación.

A inscrición no Desfile-Concurso conleva a aceptación da entidade participante de asistir ao Enterro do Bacallau, cun mínimo do 50% do total dos membros da comparsa ou grupo, o domingo, 1 de marzo a partir das 19:30 horas.

Subsanación de erros.

Recibidas e revisadas as solicitudes de inscrición, o Concello poderá requirir aos participantes para que no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao requirimento, subsanen os erros e/ou acompañen os documentos pertinentes, con indicación de que se así non o fixeran perderán o seu dereito a participar no Desfile-Concurso.

Notificación.

Finalizado o prazo de subsanación de erros, o Concello de Tui contactará cos participantes seleccionados, facilitando a información necesaria para o correcto desenvolvemento do Entroido, nun prazo máximo de 10 días.

Novo período de inscrición en caso de suspensión.

No suposto de que o Desfile-Concurso teña que celebrarse o sábado, 29 de febreiro, o Concello abriría un novo período de inscrición para aquelas entidades que, non habendo formalizado a inscrición no período ordinario, estean interesadas en participar na nova data proposta. Este segundo período de inscrición levarase a cabo unicamente o mércores, 26 de febreiro, a través da sede electrónica do Concello de Tui.

TERCEIRA. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN.

1. **Comparsas:** requírese un mínimo de 25 persoas disfrazadas en conxunto até un máximo indefinido.
2. **Grupos:** requírese un mínimo de 10 persoas disfrazadas en conxunto até un máximo de 20 persoas.

Ámbalas dúas modalidades competirán conxuntamente nas diferentes categorías de premios.

CUARTA. ORDE DE SAÍDA.

A orde de saída dos participantes inscritos asignarase mediante sorteo público, o luns 17 de febreiro ás 20:00h no Salón de Plenos do Excmo. Concello de Tui. É obrigatoria a asistencia dun representante, maior de idade, de cada entidade inscrita.

A cada participante outorgaráselle un número que deberá levar visible, tanto no Desfile-Concurso coma no Enterro do Bacallau.

Respectarase a seguinte orde de saída:

- 1º - comparsas de fantasía
- 2º - comparsas sen acompañamento musical
- 3º - comparsas con acompañamento musical
- 4º - comparsas sen carroza
- 5º - grupos

Unha vez rematado o sorteo, os participantes poderán plantexar trocos na orde establecida, sempre respectando a orde mencionada, e suxeitos á aprobación por parte dos responsables municipais.

QUINTA. PERCORRIDO.

A concentración dos participantes levarase a cabo o martes, 25 de febreiro, de 15:00 a 16:30 horas, no tramo final da rúa Casal Aboy e rúa A Guarda. O acceso será obrigatoriedade pola intersección da Avenida da Concordia coa Rúa Maristas e logo pola rúa Ourense, colocándose en orde para a saída, que será ás 17:00 horas.

O percorrido será por un circuito pechado ao tráfico polas rúas Casal Aboy, Compostela, Betanzos, Irmáns Maristas, Ourense e A Guarda, con prohibición de paradas.

Establécese que as comparsas non poden ocupar máis de 150 metros de longo, e a separación entre elas non pode ser superior a 15 metros. As carrozas terán as seguintes medidas máximas: alto 4 metros; ancho 3 metros; largo 12 metros.

Queda totalmente prohibido, tanto no Desfile-Concurso coma no Enterro do Bacallau, empregar calquera tipo de animal, petardos ou esprais. Así mesmo, non está permitido o lanzamento de obxectos perigosos tanto ao público coma aos demais participantes.

SEXTA. XURADO.

O Xurado estará formado por 6 membros de asociacións tudenses, 4 cidadáns tudenses e 2 traballadores do Concello, e estará presidido pola concelleira de Cultura.

SÉTIMA. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para conceder os premios do Desfile-Concurso, o Xurado terá en conta os seguintes criterios de valoración:

1. Concorrenza. Valoración do número de participantes por comparsa ou grupo.
2. Actualidade. Valoración da temática escollida segundo a súa relación coa actualidade.
3. Realidade tudense. Valoración da interpretación e parodia de cuestións sociais, culturais ou políticas de Tui.
4. Vestiario. Valoración da calidade, orixinalidade e/ou dificultade de elaboración do vestiario dos participantes.
5. Parodia. Valoración da interpretación, da sátira e da crítica aplicadas polos participantes.
6. Acompañamento musical. Valoración da música en vivo, da animación musical creada en directo durante o Desfile.
7. Carroza. Valoración da calidade, orixinalidade e/ou dificultade de elaboración das carrozas.
8. Fantasía. Valoración do vestiario e da coreografía.

O baremo de puntuación é de 0 a 6 puntos en todos os criterios, agás en acompañamento musical, que é de 0 a 3 puntos.

O Xurado ten liberdade absoluta para xulgar aos participantes nas diferentes modalidades a concurso, dacordo cos anteriores criterios de valoración e, en consecuencia, conceder os premios e os fixos que establecen estas Bases.

O Xurado ten potestade para declarar deserto un ou varios premios.

O Xurado ten potestade para diminuír a contía dos fixos establecidos pola participación, nos seguintes supostos:

1. Participar sen obedecer aos criterios de valoración especificados nestas Bases.
2. Presentarse con retraso no lugar indicado pola organización do Desfile.
3. Desfilarse cun número inferior de integrantes da comparsa ao indicado no momento de formalizar a inscrición.
4. Participar no Enterro do Bacallau cunha porcentaxe inferior ao 50% dos integrantes indicados na inscrición.
5. Non asistir ao Enterro do Bacallau ou chegar cun retraso de máis de 5 minutos sobre a hora prevista.
6. Non asistir caracterizado de rigoroso loito ao Enterro do Bacallau.
7. Desobedecer á organización.
8. Calquera outra circunstancia que poida ser considerada motivo de penalización.

Actas.

Finalizado o Desfile-Concurso, o Xurado redactará unha Acta de Escrutinio, na que se certificará o resultado do Concurso, con indicación das puntuacións e os importes acadados polos participantes premiados, así como daqueles premios considerados desertos, de ser o caso.

Así mesmo, finalizado o Entroido, o Xurado redactará unha Acta de Participación, que recollerá as cantidades económicas fixas destinadas a cada comparsa participante, así como as penalizacións, se as houbera.

Ambas Actas serán enviadas a cada entidade participante, unha vez finalizadas as actividades enmarcadas nestas Bases.

OITAVA. PREMIOS E FIXOS POR PARTICIPACIÓN.

Premios.

No Desfile-Concurso de Entroido 2020 repartiranse 5.600 € en 18 premios de catro categorías.

As catro categorías son as seguintes:

- 1ª. Categoría Xeral: Poderán ser premiados até 7 participantes nesta categoría.
- 2ª. Categoría Carroza: Poderán ser premiados até 6 participantes nesta categoría.
- 3ª. Categoría Acompañamento Musical: Poderán ser premiados até 4 participantes nesta categoría.
- 4ª. Categoría Fantasía: Poderá ser premiado 1 participante nesta categoría.

Os premios están suxeitos á correspondente retención do IRPF.

Repartiranse ademais 18 trofeos valorados en 400 €.

ORDE		XERAL	CARROZA	A.MUSICAL	FANTASÍA
1º	Trofeo +	700 €	400 €	300 €	250 €
2º	Trofeo +	600 €	350 €	250 €	
3º	Trofeo +	500 €	300 €	200 €	
4º	Trofeo +	400 €	250 €	150 €	
5º	Trofeo +	300 €	200 €		
6º	Trofeo +	200 €	100 €		
7º	Trofeo +	100 €			

Fixos por participación.

O importe fixo para as comparsas participantes será de 500 € se desfilan con carroza e de 250 € se desfilan sen carroza.

O importe fixo para os grupos participantes será de 200 € se desfilan con carroza e de 100 € se desfilan sen carroza.

Reservaranse 11.000 € como fixos por participación, cifra máxima establecida no caso de chegar ao máximo de inscritos permitido e todos asistiran con carroza.

NOVENA. COBRO DOS PREMIOS E DOS FIXOS POR PARTICIPACIÓN.

Unha vez enviadas as Actas de Escrutinio e Participación, requirirase a seguinte documentación ás entidades participantes.

Para cobrar os fixos por participación as entidades participantes presentarán unha factura a través de FAcE, plataforma de facturación electrónica, achegando adxunta a seguinte documentación:

1. Declaración responsable de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social, segundo impreso normalizado.
2. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contrata, segundo impreso normalizado.
3. Declaración responsable da exención do IVE, se fóra o caso, segundo impreso normalizado.
4. Certificado de código conta cliente da asociación inscrita.

O código DIR3 do Concello de Tui en FAcE é o LO1360558.

A entrega dos certificados mencionados é obrigatoria tamén para o cobro dos premios, de ser o caso.

O cobro dos premios é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMA. ENTERRO DO BACALLAU.

O Enterro do Bacallau celebrarase o domingo, 1 de marzo, a partir das 19:30 horas.

Un mínimo do 50% dos participantes de cada comparsa e/ou grupo no Desfile debe acudir ao Enterro do Bacallau. De non cumprir con este requisito, o Xurado poderá penalizar ás entidades participantes.

Os participantes no Enterro do Bacallau deberán vestir de rigoroso loito, perfectamente identificados e acompañados por todos os músicos participantes no Desfile, de ser o caso.

Os gañadores do Desfile-Concurso serán os encargados das seguintes cuestións:

1. Gañadores da categoría Xeral: portadores do Bacallau.
2. Gañadores da categoría de Acompañamento Musical: escolta musical do Bacallau.
3. Gañadores da categoría de Carrozas: fabricación do Bacallau.

Percorrido.

O Enterro do Bacallau sairá ás 19:30 horas dende a Praza de San Fernando, para percorrer as rúas Seixas, Porta da Pía, Ordóñez, Corredoira, con parada no Cantón de Diómedes para realizar o funeral e ler ou cantar as coplas ao finado Bacallau (3 persoas un máximo de 5 minutos, a cara descuberta). A comitiva continuará polas rúas Augusto G. Besada, Rúa Ourense e Aparcadoiro Municipal, onde terá lugar a cerimonia de incineración para dar remate á festa.

Coplas.

As comparsas e os grupos que así o desexen poderán entregar unha copia das coplas, o mércores 26 de febreiro, a través da sede electrónica do Concello de Tui. A orde da lectura estará determinada pola orde de entrada no devandito rexistro electrónico.

UNDÉCIMA. ENTRADA EN VIGOR.

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOPPO (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra), unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións. Estarán a disposición dos interesados, xunto aos modelos de inscrición, na páxina web tui.gal, no taboleiro de información e no departamento de Cultura do Excmo. Concello de Tui. Así mesmo, serán difundidas na radio e nas redes sociais municipais, así como en diferentes medios de comunicación.